

CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

Asunto: información sobre o custe de persoal

Proxecto de Orzamentos: 2026.

Resolución da Alcaldía Presidencia de inicio expediente para a formación dos Orzamentos do ano 2026: 01/07/2026

Directrices aprobadas polo Sr. Concelleiro de Orzamentos e Facenda para formación do Orzamento 2026: Resolución de 08/07/2025

Dirixido a: Sra Xefa da Área de Recursos Humanos e Formación.

Remisión da información: 15/09/2025

CUSTES DO PERSOAL ORZAMENTO ANO 2026

Estando no proceso de formación do Proxecto de Orzamento para o ano 2026, un dos capítulos importantes do estado de gastos o conforma os gastos de persoal, po lo que, para a súa formación dítanse as seguintes instrucións-recomendacións:

UN.- Previsión de variación das retribucións

A estimación prevista no Marco Orzamentario de medio prazo, era dunha variación do 2% en relación co ano 2025.

En relación ao ano 2025, a esta data non está aprobada a actualización, o Orzamento aprobado polo Concello de Vigo o 23/12/2024, tiña prevista unha actualización do 2%. A variación do IPC₂₀₂₄ foi do 2,8%, polo que, vaise a considerar-mantener unha actualización do 2% para o ano 2025 sobre a base das retribucións xa incrementadas do ano 2024 (2% + 0,5%). Esta actualización, de aprobarse a norma, tería efectos desde o 1 de xaneiro de 2025.

Para o ano 2026, non hai previsión, polo que fundamentamos o criterio nas previsións inflacionarias. As previsións de inflación do Banco de España son do 1,7% e as de Funcas, do 1,9%, polo que, debemos cosiderar unha media, estimando unha variación nos custes de persoal en termos del actualización das retribucións do 1,8%.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 20/10/2025 11:37

Páxina 1 de 10

97-142

CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

En aplicación do devandito acordo, ao efecto de avaliar as previsións orzamentarias, o cálculo dos conceptos retributivos do capítulo 1 se revisarán sobre a base do ano 2025, que está actualizada con 2,5% sobre a base do 2023 (2% +0,5% da Orde PJC/681/2025), aplicarase o 2% do ano 2025, se esa é a actualización que se aproba para o ano 2025, e sobre esa base de cálculo aplicarase o 1,8% para o ano 2026.

En resume, aplicada xa a Orde PJC/681/2025, a base de cálculo para o ano 2026, será a seguinte: $\text{Base } 2025 \times 1,02_{2025}$, pendente de aprobar , sobre a mesma, aplicarase o $1,8\%_{2026}$, é dicir, si tomamos a base 2025 unha vez aplicada a Orde PJC/681/2025, sería multiplicar por 1,03836, dos cales, como se fai referencia nesta instrución, o 2% do ano 2025 e sobre esta base, o 1,8% para o ano 2026.

De resultar que a Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2026, contemplase unha actualización distinta, as retribucións variarán en función do que estableza a Lei, en máis ou en menos. Se a variación fose maior, esta se aplicará con cargo ás dotacións das prazas vacantes e o gasto efectivo imputaríase á bolsa de vinculación xurídica dos créditos, que como é coñecido, as Bases de Execución do Orzamento establecen a Área e o Capítulo para os gastos de persoal, coas excepcións que se regulan nas devanditas Bases para as aplicacións de produtividade, gratificacións, contratos temporais e custe da seguridade social de este tipo de contratos.

Esta actualización só será aplicable aos seguintes conceptos: 100, 110, 120, 121, 130, 143 e aos axustes que procedan nas bases de cotización da SS.

A aplicación orzamentaria 9200.1400000, terá un crédito en todo momento que de cobertura a totalidade dos contratos vixentes, polo que a súa orzamentación inicial será adecuada aos contratos vixentes a 1 de xaneiro do ano 2026.

DOUS.- Custe da Seguridade Social


En relación coa formación dos custes da Seguridade Social a cargo da Entidade, hai que introducir un coeficiente corrector na súa valoración pola porcentaxe de absentismo que ten causa na baixa por enfermidade ou accidente .

En situación de baixa laboral por incapacidade temporal (IT), calquera que sexa a causa, a Entidade paga por conta da Seguridade Social a contía que esta ten que afrontar pola situación de baixa, ademais, o Concello fai fronte ao diferencial entre o que lle correspondería pagar á Seguridade Social e o 100 por 100 dos devengos retributivos.

Na liquidación do mes seguinte da cota da Seguridade Social, esta deduce das coutas, a contía que adiantou o Concello no pagamento ao persoal ao seu servizo que estea de Baixa (IT), polo que, o custe da Seguridade Social queda deducido polas contías adiantadas aos traballadores, que



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:37	Páxina 2 de 10
97-142	CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

finalmente, na porcentaxe legal, lle corresponde aboar á TGSS.

Deste xeito, as aplicacións do custe da Seguridade Social, teñen unha imputación mensual que queda diminuída polos descontos que previamente pagou por conta da TGSS o Concello, que teñen causa nunha baixa por incapacidade temporal.

Procede polo tanto, aplicar un coeficiente corrector na contía que resulte da cuantificación dos custes da Seguridade Social anual, segundo o absentismo medio da Entidade, xa que o custe total orzamentario da seguridade social a cargo do Concello, está condicionado polo absentismo que ten causa na IT. En consecuencia, os artigos 12,13 e 14 da estrutura económica do Orzamento, non ve reducida a súa imputación polas situacións de IT, e o subconcepto 16000, ve reducida a súa imputación orzamentaria na contía que adianta o Concello por conta da TGSS nos traballadores en situación de IT.

Sen necesidade de avaliar por programas presupostarios, deberá aplicarse un corrector do 5% para todos os programas, agás Policía Local e Servizo de Instinción de Incendios que será do 10%.

Tendo en conta que os recursos asociadas aos DOUS programas orzamentarios de Policía e SPEIS, representan o 39,46 da totalidade da plantilla, aplicarase un coeficiente reductor por abasentismo á totalidade da plantilla no custe da SS, do 6,97%.

Información por anos da situación en relación coas partidas 16000 (Seguridade Social).

Anos	Definiva	Previsional	Dotacion	Execucion	%
2019	x		14.509.734,78	13.527.032,54	93,23%
2020	x		15.575.847,87	12.878.275,69	82,68%
2021	x		15.751.449,39	11.535.943,15	73,24%
2022	x		16.532.021,93	12.730.171,06	77,00%
2023	x		16.744.217,21	12.193.492,60	72,82%
2024	x		16.910.084,37	12,392,545.73	73.28 %
2025		x	17,659,576.98	13,740,046.81	77.81 %

A previsión do ano 2025 en canto a súa execución, estimouse a partires dos pagos correspondentes aos primeiros 5 meses do ano, incrementados na porcentaxe de variación máxima de calquera mes e imputándose un incremento do 2,5%, que se corresponde co 2% do ano 2025, pendente de aprobar a esta data, e o 0,5% aprobado pola Orde PJC/681/202.

En consecuencia, o custe da Seguridade Social para o ano 2026 deberá calcularse tendo en conta o criterio que se desenvolve neste apartado.



Copia do documento - Concello de Vigo


Data impresión: 20/10/2025 11:37

Páxina 3 de 10

97-142

CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

Ademais de ter en conta o axuste polo absentismo, no cálculo do custe da Seguridade Social para as prazas vacantes, non se deberá incluír o custe aplicable ao desemprego, quedando xustificado polo importante número de vacantes que de non executarse a última OPE, non devengarán custe no transcurso do ano.

TRES.- Prazo de remisión

Aos efectos de non incorrer nos **atrasos anuais** na remisión da información deste capítulo, así como na necesidade de ter sometido o proxecto de Orzamentos á consideración do Pleno da Corporación antes do 15 de outubro, data que fixa o artigo 168 do TRLRFL, o prazo **máximo** para a incorporación da información fíxase para o **15 de SETEMBRO** de 2025.

É razoable que a Mesa de negociación se conforme con anterioridade, e non se repitan as situacións de anos precedentes, cun orzamento pechado en termos cuantitativos non é posible a súa modificación.

As variacións que se produzan na plantilla e sometidas a Mesa de Negociación de creación ou amortización de prazas, xeran os axustes, si procede, na RPT, de tal xeito que haxa coherencia entre prazas e postos.

Sería necesario, que a no acordo quedase reflectido os postos afectados e as prazas asociadas ao posto, no caso en que ao posto estean asociadas varias prazas, non produce efectos, xa que o posto se mantén inalterable na RPT, o problema xurde, cando a amortización da praza está asociada a un posto que só ten unha praza asociada, nese caso, hai que deixar constancia que ese posto, que non ten asociado praza, vai a desaparecer da RPT.


CUARTO.- Información requirida

A documentación que se remita, deberá ter reflectidos os cambios que se produciron até a data.

Con posterioridade á mesma, aos efectos de manter a coherencia técnica e orzamentaria entre os acordos e o proxecto orzamentario, **deberá evitarse a tramitación de expedientes que alteren a funcionalidade do gasto**. O Proxecto de Orzamento que se tramite e aprobe, deberá dar resposta técnica e orzamentaria aos devengos que xere a carga da nómina do mes de xaneiro do ano 2026, en consecuencia, os cambios de postos dun programa orzamentario a outro unha vez que se formen os datos e custes para o Orzamento 2026, deberán diferirse ao ano seguinte. Si o acordo se adopta no ano 2025, a súa eficacia deberá quedar diferida, polo que os acordos que se propoñan deberán conter esta condición de forma explícita.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:37	Páxina 4 de 10
97-142	CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

QUINTO.- Contratacións temporais, laborais ou funcionarios interinos

En relación con este tipo de contratos, hai que estar á reclamación que a Comisión Europea fai a España sobre a temporalidade no sector público, que se traduciu na Lei 20/2021, na que se ten que estar por debaixo do 8%.

Tamén, tendo en conta o espírito da Lei, hai que eliminar a prestación de necesidades estruturais con contratos por acumulación de tarefas, neste caso o que se mide é a prestación (obxecto) non o suxeito.

Tamén hai que estar a cuestión prexudicial presentada polo TSJ de Galicia en relación coas situacións de laborais indefinidas non fixas.

En todo caso, tendo en conta a necesidade de limitar este tipo de contratos, deberase priorizar a contratación de funcionarios interinos con cargo a praza vacante para aquelas tarefas que requiren dun período de aprendizaxe longo, sempre e cando a devandita praza estea incluída nunha Oferta de Emprego Público aprobada, e as necesidades a cubrir non sexan consecuencia dunha carga puntual, senón que teñan causa nunha necesidade ordinaria-estrutural das competencias locais, de aí, que o posto correspondente á devandita praza haxa que mantelo cuberto até a execución da OPE na que estea incluída.

Tamén é necesario ter en conta que o límite para manter a interinidade é de TRES anos, polo tanto, aos efectos de non consolidar a situación, os interinos deberán formar parte da OEP aprobada, se non fose posible, na seguinte.


En relación co resto das contratacións laborais temporais/nomeamentos interinos por acumulación de tarefas, hai que limitalas aos supostos imprescindibles para dar cobertura ás quendas por vacacións ou situacións similares de falta de efectivos de persoal ou acumulacións de tarefas sobrevidas que non poidan ser previstas polos responsables dos servizos, sempre que se trate de casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, non aplicable aos supostos de necesidades ordinarias e estables.

Para garantir que este tipo de contratos da resposta inmediata á necesidade, é aconsellable ter listas de reserva vivas atendendo aos distintos subgrupos.

Deberá establecerse como obxectivo de curto/medio prazo, a execución das OPE aprobadas, así como a aprobación da OEP anual, dentro do PRIMEIRO trimestre do ano, o que evitará recorrer a interinaxes e contratos temporais.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:37	Páxina 5 de 10
97-142	CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

SEXTO.- Dotacións iniciais para produtividade e gratificacións

Manterase o criterio de anos precedentes, as dotacións conforman unha previsión, aínda que susceptible de modificar. As contías asignadas por complemento de produtividade durante un período de tempo non orixinan ningún tipo de dereito individual respecto a períodos sucesivos. As gratificacións, non poden ser fixas na súa contía nin periódicas no seu devengo.

Tendo en conta que a contía do gasto devengado polo concepto de produtividade, ten a causa máis importante nas xornadas de reforzo da Policía Local e do SPEIS, que a súa vez teñen orixe no atraso nas execucións das OPE, debería estarse en todo momento atendendo ao seguinte criterio:

O número de xornadas de reforzo, agás situacións excepcionais, no deberá ser maior que o gap que xorde entre as prazas ocupadas e o número total de prazas que contén a plantilla dos corpos da Policía Local e o SPEIS.

O gasto devengado en gratificacións da Policía Local e o SPEIS, só terá causa nos excesos de xornada que estea establecida, nunca inferior cas 1.642 horas ano (Resolución de 28 de febreiro de 2019, da Secretaría de Estado de Función Pública), que estarán tipificadas para os eventos e as demais causas de prestación do servizo por encima da xornada ordinaria.

En relación co SPEIS, o gasto en gratificacións por xornadas de reforzo, terá que experimentar unha diminución importante en relación co ano 2025 pola execución das OEP que estaban pendentes (2021-2023), polo que, a contía dotada inicialmente na partida 1510000 de 190.000,00 euros, debería ser suficiente para o primeiro cuatrimestre, a partires de ese período, os créditos dispoñibles no capítulo 1 do programa 1360 por vacantes pendentes de cubrir, é suficiente para afrontar unha transferencia de crédito para garantir a suficiencia da partida 1510000 para o resto do ano.

En canto á dotación para o programa 1320 (Policía Local), no partida 1500000, a dotación é suficiente para cubrir 2,5 meses de xornadas de dispoñibilidade.

Na partida 1510000 de gratificacións, no ano 2025 tivo un gasto imputado que se correspondía con atrasos (dúas convocatorias de eleccións do ano 2024, atrasos por aplicación dunha nova fórmula de cálculo, atrasos por eventos de verán do ano 2024....), polo que, a dotación inicial considerase suficiente para afrontar o primeiro trimestre polos devengos ordinarios, xa que no ano 2025, liquidáronse os atrasos pendentes.


En canto á dispoñibilidade ou xornadas de reforzo en guardias, estarán limitadas ás prazas vacantes (diferencia entre plantilla nominal e efectiva). No caso do SPEIS, para o cálculo dos reforzos, non se terán en conta as prazas vacantes creadas no plantilla do ano 2026, circunstancia que non concorre na Policía Local, que non é obxecto de creación de novas prazas.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:37 Páxina 6 de 10
CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

O órgano competente so adoptará acordos de autorización de gasto si concorre a situación de existencia de crédito, en caso contrario, require con carácter previo, a tramitación da preceptiva modificación orzamentaria. Tendo en conta as dotacións iniciais de menor contía que o gasto efectivo final, supón a instrumentación dunha disciplina orzamentaria, xa que en principio, so se pode gastar co límite da dotación.

En canto á execución final das partidas 1500000 e 1510000, non condiciona a dotación inicial, no é un gasto consolidado, e como se explicitou, a dotación é suficiente para afrontar o primeiro trimestre, xerándose neste prazo, dispoñibilidade suficiente nas prazas vacantes para tramitar unha transferencia de crédito que de cobertura ao resto do período.

As dotacións serán nas seguintes aplicacións: 1320.1500000, 1360.1500000, 9200.1500000, 1320.1510000, 1360.1510000 e 9200.1510000.

A maior dotación orzamentaria nestas aplicacións correspondentes aos programas 1320 e 1360, farase con cargo ás dispoñibilidades do capítulo I dos devanditos programas. En canto as partidas do programa 9200, ao afectar ao resto dos programas, a suplementación de créditos farase con cargo ás dispoñibilidades do resto dos programas orzamentarios.

Sistema de cálculo para cuantificar as modificacións orzamentarias:

Conceptos 120/121

A= (Dotación inicial conceptos 120/121- Contía das modificacións tramitadas dos conceptos 120/121)/14.

B= Execución dos conceptos 120/121 no período de análise.

C= A*nº de meses do período.

D= Actualización retributiva pendente se existise*B.

E= A-D, saldo dispoñible para transferir.

Para cada un dos conceptos a minorar: 1200000,1200100,1200300, 1200400, 1200301,1200600,1210000,1210001,1210003,1210004, 1210100,1210101,1210103,1210104, se diminuíranse contías en miles por defecto (43.840,56, a diminución será 43.000), o mesmo criterio aplicarase ao concepto 1600000.

Para diminuír cada un dos conceptos prorratearase a contía definitiva de cada concepto entre o artigo 12, e esa portentase multiplicarase polo importe do resultado do excente identificado con E.

Concepto 1600000


A= (Dotación inicial concepto 1600000- Contía das modificacións tramitadas do concepto 1600000)/12.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:37 Páxina 7 de 10
CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

B= Execución do concepto 1600000 no período de análise.

C= A*nº de meses do período.

D= Actualización pendente se existise*B.

E= A-D, saldo dispoñible para transferir.

SEPTIMO.- Taxa de Reposición de efectivos

A Lei 31/2022, de 23 de decembro, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2023 establece unha taxa de reposición de efectivos do 120 por cen en todos os sectores para as EELL que non teñan débeda a dun 125% para a Policía Local.

Tendo en conta a evolución de custes do capítulo I, o razoable está en dar cobertura a totalidade da TRE, caso contrario, supón a creación de novas prazas o comporta un gasto adicional.

Para calcular a taxa de reposición de efectivos computaranse os cesamentos por xubilación, retiro, falecemento, renuncia, declaración en situación de excedencia sen reserva de posto de traballo, perda da condición de funcionario de carreira ou a extinción do contrato de traballo, ou en calquera outra situación administrativa que non supoña a reserva de posto de traballo ou a percepción de retribucións con cargo á Administración na que se cesa. Igualmente, teranse en conta as altas e baixas producidas polos concursos de traslados a outras Administracións Públicas.

Na formación de custes, haberá que ter en conta a creación de novas prazas no SPEIS en aplicación dos acordos adoptados.

Aos efectos de elevar o control sobre as prazas que son obxecto da OEP, deberá formarse un documento no que quede referenciada cada praza convocada en relación á vacante no programa orzamentario, garantindo con elo, que as prazas convocadas, teñen a súa orixe nas prazas vacantes.

OITAVO.- Gastos do seguro colectivo de vida e accidentes


En relación coa contía a dotar na aplicación 2210.1620500 Seguro colectivo de vida e accidentes do persoal, o Concello adhiúrese ao acordo Marco de seguros da FEMP, que a esta data é de 182.778,16 euros, sendo esta a dotación que deberá figurar na devandita aplicación orzamenetaria para o ano 2026.



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:37 Páxina 8 de 10
CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

NOVENO.- Aplicacións que non se incluírán no cálculo para o ano 2026

As que reflicten as dotacións para afrontar o custe do persoal cunha relación laboral indefinida, xa que a dotación xa está destinada a dotar as prazas en execución do Plan de Estabilización de Emprego: 9200.1430001 e 9200.1600001.

DÉCIMO.- Resume

Estimación das variacións das retribucións nun 1,8%.

Año 2026. Aplicada xa a Orde PJC/681/2025, a base de cálculo para o ano 2026, será a seguinte: Base 2025*1,02₂₀₂₅, pendente de aprobar, sobre a mesma, aplicarase o 1,8%₂₀₂₆, é dicir, si tomamos a base 2025 unha vez aplicada a Orde PJC/681/2025, sería multiplicar por 1,03836, dos cales, como se fai referencia nesta instrución, o 2% do ano 2025 e sobre esta base, o 1,8% para o ano 2026.

Dotación inicial das contías a produtividade e gratificación, nos termos cuantitativos do ano 2025 e nas aplicacións que se reflicten nesta instrución.

Como criterio xeral, o número de xornadas de reforzo anual do Servizo de Policía Local e do SPEIS, deberá quedar limitado á contía máxima equivalente ao número de xornadas que representan as prazas vacantes, no programa 1360, non se computarán as prazas creadas na plantilla para o ano 2026.

A TRE manterá o mesmo criterio que o previsto pola LOXE para o ano 2023 (ano 2024-2025, prorrogado o OXE do ano 2023).

Como criterio de seguridade, e preciso identificar prazas da oferta pública de emprego coa praza vancante do programa orzamentario no que se atopa, garantindo de este xeito, que a execución da OEP conta coas prazas vacantes, tamén permitirá que ningún servizo propoña a amortización de prazas que xa están incluídas en OEP en tramitación.

As transferencias de prazas vacantes para aumentar a contía das dotacións para produtividade e gratificacións, seguirá o criterio técnico previsto no apartado SEXTO.

O Seguro colectivo de vida e accidentes, será pola contía do contrato que ten causa no acordo Marco.

A dotación para contratos sen praza, aplicación 9200.1400000, non poderá ter unha dotación superior a prevista inicialmente para o ano 2025.

Prazo de remisión da información até o 16 de setembro do ano 2025.


Unha vez que se teña formado a estrutura de custes do capítulo 1 de acordo aos programas orzamentarios, os acordos que se adopten de mobilidade de recursos entre programas, quedarán diferidos ao ano seguinte, de non ser así, estase a xerar unha incoherencia entre o orzamento en



Copia do documento - Concello de Vigo
97-142

Data impresión: 20/10/2025 11:37 Páxina 9 de 10
CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>



CONCELLO DE VIGO
CONCELLERÍA DA ÁREA DE ORZAMENTOS E FACENDA

Expediente: 97/142

trámite e aprobado e a asignación dos RR.HH.

O Acordo da Mesa de Negociación deberá efectuarse con carácter previo ao peche do informe cuantitativo.

No Acordo da Mesa, se se producisen amortización de prazas, deberá indicarse a que posto/s afectan, aos efectos de manter unha coherencia entre posto e praza.

Asinado: O Tesoureiro e Responsable Superior Contable e Orzamentación: Luis García Álvarez

Conforme: O Concelleiro Delegado da Área de Orzamentos e Facenda: Jaime Aneiros Pereira

Delegación da área, Resolución Xenérica da Alcaldía de 28 de xuño de 2024 e corrección erros do 1 de xullo, publicada no BOPPO nº 134 de 10 de xullo, Delegación específica do 29 de xuño de 2023, publicada no BOPPO nº 136 do 14 de xullo de 2023 e Delegación da Xunta de Goberno Local de 28 de xuño de 2024, publicada no BOPPO nº 134 do 10 de xullo de 2024



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 20/10/2025 11:37	Páxina 10 de 10
97-142	CSV: AAA3DC-B9D42D-B4C1EC-Z559VA-PFB2ZY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		